

# III Copa Ourense 2026

## Bases Técnicas



1) O presente Torneo terá lugar o **SÁBADO 30 de maio** a partir das 16 h no **Colexio Seminario Menor "A Inmaculada de Ourense"**.

2) A organización corre a cargo do Club Académica As Burgas e os seus membros, coa colaboración do Colexio Seminario Menor e co patrocinio en parte do Consello de Deportes de Ourense.

3) É aberto a todo xogador con licenza federativa en vigor para a temporada 2026.

4) Rexirase polas Leis do Xadrez da Fide, apartado de Rápidas, exceptuando as xogadas ilegais que serán 3 permitidas no torneo por categorías.

5) Desenvolverase a 6 roldas por sistema suízo, ritmo a 10 minutos + 3 s. por participantes, con emparellamento efectuado polo programa informático Vegachess.

6) Haberá as seguintes categorías: Sub 08 (ano 2018 e posterior), 10 (2016-17), 12 (2014-15), 14 (2012-13), 16 (2010-11) e adultos en dous ou tres torneos paralelos segundo o número de xogadores:

**Torneo Sub 12: non valedeiro para Elo Fide.**

**Torneo Sub 16 : non valedeiro para Elo Fide.**

**Torneo Absoluto: Valedeiro para Elo Fide de rápidas.**

\*\*\*A organización, dependendo do número de participantes, poderá dividir o torneo de categorías as veces que crea convinte.

Aqueles xogadores das categorías inferiores que queiran participar no torneo absoluto haberán indicalo no momento da inscrición.

7) Horario:

Rolda nº 1: 16 h 15

Rolda nº 2: 16 h 45

Rolda nº 3: 17 h 15

Rolda nº 4: 17 h 45

Rolda nº 5: 18 h 15

Rolda nº 6: 18 h 45

Cerimonia de entrega de premios: 19 h 30

A organización disporá de regalos que se sortearán ao finalizar, sendo necesario estar presente nese momento.

8) O sistema de puntuación será :

Torneo de categorías: 3 (partida ganada), 2 (empate), 1 (perdida), 0 (ausencia).

Torneo absoluto: 1 (ganada), 0,5 (empate), 0 (perdida).

O desempate será por esta orde:

Resultado particular

Buchholz -1

Buchholz mediano

Buchholz total

9) Outorgaranse premios aos campións por categoría, trofeo ao sub campión, trofeo ao 3er clasificado e primeira xogadora. Trofeos campión e ata o 5to clasificado, 1eira xogadora. Haberá un premio ao mellor club Sub 12 e mellor club sub 16, contabilizando os puntos dos 4 primeiros clasificados de mesmo club.

10) **A INSCRICION é de 6 euros para o torneo de categorías;  
10 euros para o torneo Absoluto.**

Pagadeira por transferencia na conta do club: ES24 0081 5290 7100 0234 0641

O día do torneo dita inscrición terá un recargo de 2 euros.

Formalizarase enviando nomes, apelidos, data de nacemento e clube a: [xadrezasburgas@gmail.com](mailto:xadrezasburgas@gmail.com)

Información no Wassapt: 609 70 91 84 – [www.xadrezasburgas.net](http://www.xadrezasburgas.net)

**Antes do venres 29 de maio, 22 h.**

11) A organización resérvase o dereito de cambiar as bases en beneficio do propio torneo.

12) O presente evento será arbitrado por un árbitro titulado.

13) A participación na proba implica a aceptación do presente regulamento. Os participantes autorizan á organización a utilizar os datos persoais proporcionados, así como as fotos ou vídeos, para as finalidades propias relacionadas coa xestión do torneo e a súa divulgación na Internet.



**As Burgas**  
ACADÉMICA



**Seminario Menor**  
**"A Inmaculada"**  
**de Ourense**



**Concello de**  
**OURENSE**  
Deportes